



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

13 XUÑ. 2016

Núm. 51448



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 49508, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o investimento dos fondos europeos para a rehabilitación da antiga reitoral de Chaguazoso, no concello ourensán da Mezquita, coa finalidade de destinala a turismo rural e co obxectivo de fomentar o emprego e fixar poboación, a detección pola Xunta de Galicia dalgunha irregularidade no uso deses fondos e, se é o caso, a súa comunicación ás autoridades europeas correspondentes”**, (publicada no BOPG número 636 do 21 de abril de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“No ano 1998, a Consellería de Innovación e Industria anunciou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a convocatoria de subvencións para a creación de establecementos de turismo rural. Estas subvencións foron concedidas baixo os principios de publicidade, concorrencia competitiva e obxectividade.

Ao amparo desta Orde, foi concedida a subvención, por un importe de 20.000.000 de pesetas, para a creación da Casa Grande A Cerca, na Mezquita (Ourense).

Con data 11 de marzo de 2013, Turismo de Galicia resolve a baixa e cancelación rexistral no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) deste establecemento pola comprobación por parte da inspección turística da inactividade do mesmo, así mesmo, por Resolución do 5 de xuño de 2013, sancionouse ao titular do establecemento por infracción administrativa grave en materia de turismo, sanción que foi confirmada polo Xulgado contencioso administrativo nº 2 de Ourense.

A continuación, o 12 de xuño de 2013, Turismo de Galicia notificou a obriga de proceder ao reintegro da subvención concedida, pero o interesado formulou alegacións nas que puxo de manifesto que tiña presentado un recurso contencioso – administrativo contra a resolución de baixa da actividade e cancelación rexistral no REAT solicitando a suspensión do procedemento do reintegro en tanto que non resultase firme a vía contenciosa.

O 9 de xullo de 2014 o contencioso administrativo nº 2 de Ourense desestima o recurso interposto contra a resolución de baixa e cancelación rexistral no REAT da Casa Grande A Cerca.

Finalmente, xa se ten iniciado o procedemento de reintegro da subvención que debe ser realizado entre 2015 e 2019.

Comprobado pola inspección turística a falta de actividade no establecemento, procedeuse a dar de baixa e cancelar no REAT este establecemento e, paralelamente, abriuse un expediente sancionador por infracción administrativa grave en materia de turismo.

Ambas decisións administrativas foron recorridas polos interesados nos tribunais ditándose dúas sentencias polo Xulgado contencioso administrativo nº 2 de Ourense, unha con data 9 de xullo de 2014 e outra do 25 de marzo de 2014, que confirmaron tanto a baixa no REAT como a imposición da sanción.

Paralelamente, iniciouse tamén pola administración turística un expediente de reintegro da subvención, que é firme nestes momentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia